



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Pleno do Concello de Pontevedra inste a ao goberno da Xunta de Galicia **A MANTER O USO UNICAMENTE SANITARIO, E DE EXCLUSIVA XESTIÓN PÚBLICA, DO HOSPITAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Construído polo propio Concello, o Hospital Provincial entrou en funcionamento en 1897 e desde 1928 pasou a ser xestionado pola Deputación de Pontevedra. En tempos en que algunhas enfermidades supoñían unha sentenza de morte para o doente e a ruína económica para a súa familia, foi a única opción asistencial ao alcance dos máis necesitados.

En cento vinte anos de actividade ininterrompida (a súa historia recolleuna Antonio Dias Lema nunha valiosa monografía), beneficiouse do bo facer de varias xeracións de profesionais, e foi gañando en utilidade conforme en España ía consolidándose un sistema sanitario público que hoxe é unha referencia mundial.

Con todo, a apertura da Residencia Sanitaria de Montecelo en 1973 obrigou a reconsiderar o seu papel, que pasou en certa maneira a subordinarse ao do centro edificado en terreos da Comunidade de Montes de Mourente, e non deu atopado un encaixe plenamente satisfactorio nin sequera tras a súa transferencia en 1996 ao Servizo Galego de Saúde.

Cando as administracións parecen dicirlle adeus a oito anos perdidos (os da aposta pola construción dun hospital en Monte Carrasco sometido á lóxica especulativa que primou, por exemplo, no Álvaro Cunqueiro vigués), é o momento de traballarmos xuntos por unha solución optimizadora do sistema sanitario público que dea resposta na nosa área de influencia ás demandas dunha sociedade que se mobilizou masivamente contra a política de portas (xiratorias) abertas ás súa privatización.

Facéndonos eco dese clamor social que marcará un novo fito coa próxima presentación, e defensa, dunha Iniciativa Lexislativa Popular, apoiamos de xeito decidido a ampliación de Montecelo, financiada integramente con cartos públicos e garantindo o mantemento da súa xestión tamén pública.

A respecto do Hospital Provincial, vemos con preocupación a suxestión (ou globo sonda, ou imposición) da Xunta de Galicia de convertelo, en todo ou en parte, nunha residencia da terceira idade.

É evidente a necesidade de ampliar en Pontevedra as prazas públicas neste tipo de establecemento e mesmo, como solución de urxencia, podería estudarse, e conveniarse, a reapertura do Asilo de Anciáns pechado hai practicamente cinco anos (aínda que iso non eximiría o actual goberno galego da obriga de impulsar un centro de nova construción na capital da provincia ou na súa contorna).

En todo caso, o Hospital Provincial debe seguir conservando a función para a que naceu e que xustificou ao longo da súa centenaria historia, só que buscando unha coordinación con Montecelo para a que é fundamental escoitar os colectivos profesionais e cidadáns implicados.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta a a seguinte

PROPOSICIÓN

O pleno do Concello de Pontevedra insta ao Goberno Galego a manter o uso unicamente sanitario, e de exclusiva xestión pública, do Hospital Provincial de Pontevedra.

Pontevedra, 7 de marzo de 2017

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez